

Practico competencias

1. O meu irmán e os seus amigos e amigas van plantar tomates nunha leira do meu avó, pero deben preparala.

- Quitarán as pedras e as herbas se as hai. Despois, voltearán a terra para aireala e deixala lista.
- Para facer estes traballos, elixe algunhas das precaucións que deben ter en conta para non se lesionar. Esríbeas no teu caderno.

Andar descalzos sobre a terra

Agacharse correctamente

Non coller excesivo peso

Dobrar as costas para sementar

Poñer luvas para protexer as mans

Non xogar coas ferramentas

Facer movementos bruscos



2. Preparada a leira, plantarán as matas de tomates, que previamente xermolaron nos viveiros. Farán uns sucos na terra e colocarán as matas deixando un espazo entre elas. Consulta o explorador@dixital e contesta:

- Cal é a mellor época do ano para plantar tomateiras?
- Infórmate de como se pode enriquecer o chan para que sexa máis rico en substancias nutritivas e así a tomateira medre máis vigorosa.
- Que necesita a mata do tomate para crecer? Cando florece? De que cor é a flor? Cando ten froito? Como se chama?
- Anota no teu caderno como son as follas. Que cor teñen? Debuxa unha folla e sinala as súas partes.
- Describe a textura, a cor, a forma, a consistencia e o sabor dun tomate. Que sentido ou sentidos utilizaches para distinguir esas características?



3. Ordena estas frases sobre o proceso de reprodución das plantas con flores:

- O óvulo transfórmase nunha semente. O pistilo forma o froito.
- Os grans de pole caen no pistilo e fecundan o óvulo.
- As sementes xerminan e forman unha nova planta, se a humidade e a temperatura son as axeitadas.
- O froito contén a semente. Cando madura, ábrese e saen as sementes.
- Os grans de pole despréndense dos estames.




● 4. Cos tomates fixeron unha ensalada e comérona á hora do xantar.

- Observa a ensalada. Pareceche apetitosa? Por que? Que aspecto teñen os ingredientes? Pertencen a unha dieta mediterránea? Por que?
- A que grupo de alimentos pertencen, aos frescos ou aos envasados?
- Investiga como se poderían conservar os tomates na casa. Escribe o proceso.



5. Despois de comer paseamos ata chegar a un estanque.

- Observa os animais que viven no estanque e nos seus arredores e contesta:



- A que grupo de animais vertebrados ou invertebrados pertencen?
- Que tipo de reprodución ten cada un? Cales realizan a metamorfose?
- Cales están adaptados ao medio acuático? Que características teñen?

6. De volta á casa, polo camiño, o meu irmán foi recollendo algunhas pedras que lle chamaron a atención para a súa colección.

- Obsérvaas, le o texto e contesta:



O granito é unha rocha formada por diversos minerais e extráese en canteiras a ceo aberto. Emprégase, por exemplo, para facer os bordos das beirarrúas. A lousa é unha rocha metamórfica. A principal característica é a súa división en finas láminas. Debido á súa impermeabilidade, a lousa utilízase na construción de tellados.

- Cantos minerais contén o granito? Como se chaman?
- De que cor é a lousa? Que aspecto ten? Está formada por distintos minerais? Pensa que propiedade ten se pode partirse en capas ou láminas?